



Concello
da Estrada



PROTOCOLO BÁSICO DE UTILIZACIÓN DO ROCÓDROMO DO COMPLEXO DEPORTIVO MANUEL COTO FERREIRO

1.- OBXECTO.

O Departamento de Deportes do Concello da Estrada crea este protocolo co obxectivo de facilitar a organización da instalación do rocódromo do Pavillón Polideportivo Manuel Coto Ferreiro. Será de obrigado cumprimento por parte dos deportistas que vaian a utilizar dita instalación. Será complementado polo PROTOCOLO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DA ESTRADA e por aquelas normas ou ordes que se diten e publiquen por parte das autoridades sanitarias e deportivas durante o transcurso da evolución desta situación. **Actualizarase continuamente de acordo coas informacións e criterios das autoridades competentes.**

2.- CRITERIOS DE UTILIZACIÓN.

A instalación estará dispoñible nos horarios asignados e previa solicitude a A Estrada Deporte, para os seguintes usuarios, seguindo a orde de prioridade que se detalla a continuación:

- 1.- Deportistas federados na federación Galega de Montañismo, empadroados no Concello da Estrada.
 - 2.- Alumnos da escola deportiva municipal de deportes alternativos.
 - 3.- Deportistas non federados.
- Os menores de idade e os deportistas non federados, deben de ir acompañados obrigatoriamente, por un adulto que será o responsable durante a actividade.
 - Únicamente poderán utilizar o rocódromo con corda os deportistas federados.
 - De todos os xeitos, o cumprimento deste protocolo corresponderá aos deportistas cando se atopen utilizando o rocódromo baixo a súa exclusiva responsabilidade.
 - En ningún momento se poderá sobrepasar o aforamento autorizado de 6 persoas para o rocódromo, sendo de 3 deportistas en parede e 3 abaixo de apoio e/ou supervisión.
 - As taxas para a utilización da instalación serán as que están vixentes na ordenanza de instalacións deportivas.
 - **Requisito indispensable para á utilización do rocódromo, a cobertura da folla de solicitude cos datos dos usuarios. No caso dos deportistas federados deben de adxuntar a licenza en vigor.**

3.- REQUISITOS OBRIGATORIOS PARA ACCESO Á INSTALACIÓN.

- Uso obrigatorio da máscara dentro da instalación.
- O aforo dos rocódromos vén dado polas súas medidas e características. Débense poder garantir as distancias de seguridade e desinfección. Será necesario adaptar a capacidade dependendo do momento

- A desinfección do material individual e colectivo. Os paneis do rocódromo e os colchóns se desinfectarán despois de cada sesión. Garantir e acreditar que os monitores, adestradores e técnicos que accedan o rocódromo, así como aqueles que desenvolven a práctica vinculada coa actividade física e o deporte deben estar asintomáticos e de dar negativo no test COVID19.
- Para evitar aglomeracións recoméndase facer reservas horarias nos horarios dispoñibles e non coincidentes con outra actividade dentro da mesma pista. No momento da reserva, informarase os participantes das medidas para tomar durante a práctica da actividade.

4.- ESTANCIA NO ROCÓDROMO.

- **Na entrada** haberá unha bandexa con líquido desinfectante para os zapatos, pés de gato e outra para o secado das mesmas. O rocódromo estará dotado de carteis indicativos co protocolo de utilización. Deberanse limpar as mans con xel hidroalcohólico. Recoméndase a todos os participantes utilizar máscara, sempre seguindo o protocolo que marquen as autoridades competentes, menos no momento de facer a actividade.
- **Durante a actividade:**
 - Débense limpar as mans cada vez que se sobe e baixa do rocódromo.
 - Prohíbese utilizar magnesio en po, pero permítese en líquido. En ningún caso se compartira co compañeiro.
 - En ningún momento se poderá sobrepasar o aforamento autorizado de 6 persoas para o rocódromo, sendo de 3 deportistas en parede e 3 abaixo de apoio e/ou supervisión.
 - Non circularemos pola instalación descalzos nin por debaixo dos deportistas que estén realizando actividade na parede.
 - Prohibido estirarse nos colchóns.
 - O material que se utilizará será o propio.
 - Recoméndase o uso de luvas.
 - Gardaranse as distancias de seguridade cos compañeiros, sempre que sexa posible.
 - Obrigatorio levar máscara cando non se faga a actividade ou se atope na zona de descanso. Cando se descansa farase no lugar sinalizado para tal efecto, gardando as distancias de seguridade.
 - Non se compartirá material individual co compañeiro nin con outros usuarios.
 - Non se compartirá material colectivo con outras cordadas.
- **Ao finalizar:** O material utilizado será xestionado de xeito individual por cada usuario, deixando a zona do rocódromo en perfecto estado de orde e limpeza e tal e como a atopou o chegar.

5.- EN CASO DE ACCIDENTE.

- Existe un botiquín na instalación, situado na oficina do conserxe. No caso de accidente grave, hai que ser especialmente coidadoso coas manobras que leven a cabo e tentar dentro do posible, non mobilizar o accidentado, dando aviso os servizos de emerxencia.
 - * **Emerxencias: 112**
 - * **Emerxencias A Estrada: 986 573 333**
 - * **Centro de Saude A Estrada: 986 573 459**

INFORMACIÓN A CONSIDERAR POLOS SOLICITANTES

1.- **Lugar de presentación das solicitudes:** As solicitudes de inscrición deberán solicitálas na conserxería do pavillón Manuel Coto Ferreiro e entregalas cubertas alí mesmo, nos horarios de apertura da mesma.

2.- En función do número de solicitudes e dependendo das datas de remate e vacacións do curso escolar, de competicións, torneos e programas deportivos organizados polo Concello da Estrada e das datas de competicións de ligas oficiais de deportes federados, **o Concello da Estrada poderá reducir, alterar ou variar as solicitudes recibidas**, previo aviso os solicitantes afectados.

3.- É obrigatorio cursar a solicitude como mínimo 24 horas antes e non se atenderán solicitudes que non cumpran este requisito.

4.- Non se compartirá a instalación con outra disciplina e no caso de non poder autorizar o horario solicitado, este departamento propondrá un horario alternativo.

5.- **No caso do acceso de deportistas individuais, estes serán responsables do cumprimento deste protocolo e todas as súas accións e consecuencias estarán baixo a súa exclusiva responsabilidade dende o momento que utilicen o rocódromo.**

6.- **No caso do acceso de grupos, este contará cunha persoa responsable que deberá de facer cumprir este protocolo, e todas as súas accións e consecuencias estarán baixo a súa exclusiva responsabilidade dende o momento que utilicen o rocódromo.**

O SOLICITANTE DECLARA:

Que coñece o protocolo das instalacións deportivas municipais do Concello da Estrada e comprométese ao seu cumprimento de forma exhaustiva.

- *Asímesmo declaro que accederéi ás instalacións coas medidas de protección esixidas utilizándoas sempre que a práctica deportiva o permita, e que cumprirei as normas de utilización das instalacións que marca o protocolo das instalacións deportivas municipais do Concello da Estrada para cada un dos espazos.*
- *Declara que, é consciente dos riscos que entraña a práctica deportiva en espazos pechados nunha situación pandémica como a actual.*
- *Que informarei de forma inmediata, o departamento de deportes do Concello da Estrada, si algunha das circunstancias anteriores sucedesen ou dese positivo en Covid-19, para que se poidan tomar as medidas oportunas.*
- *No caso dos clubs deportivos, deben de cumprir estes requisitos os participantes no adestramento.*
- *Se algún usuario presenta síntomas como febre, tos e dificultade respiratoria, chamar ao 061 ou ao 900 400 116 (segundo proceda), seguir as instrucións das autoridades sanitarias.*
-

A sinatura acredita estar conforme con este protocolo, e a aceptación das normas de utilizacións deportivas municipais do Concello da Estrada.

A Estrada, _____ de _____ de 2022.

SINATURA: